

METROPOLITANO.GAL

AGENDA QUÉ HACER PLANES ENFOQUE EXTRA PEQUEOCIO FOGONES



PORTADA > Enfoque

Persoas con diversidade intelectual que desexan mellorar a súa autonomía e preparación laboral




Compartir en Facebook

Compartir en X

Compartir en Whatsapp



Publicidad



Por Metropolitano — 01/10/2024

Con ilusión, como calquera estudante que comeza a súa andaina na etapa universitaria, comezaban este martes as clases os 15 mozos e mozas que cursan o Programa para o Emprego e a Vida Autónoma. Este título propio, impulsado pola Universidade de Vigo en colaboración coas asociacións Down Vigo e Down Ourense e co apoio da Fundación Adecco, ten como obxectivo dotar a persoas con diversidade intelectual de competencias que melloren a súa autonomía, formación académica e preparación laboral como cidadáns activos.



Cun acto de presentación en cada **campus arrancaba o segundo e último curso deste programa, que conta con nove estudantes en Vigo e outros seis en Ourense.** Aínda que xa coñecen o funcionamento da docencia e a organización do programa, neste curso terán un boa cantidade de novidades, principalmente no que ao profesorado se refire. E é que, como explica Maruxa Álvarez, directora da Área de Emprego e Emprendemento da

UVigo, “pasamos de dous docentes o curso pasado, a 15 en Vigo e case outros tantos en Ourense na actualidade”. Algúns deles participaron este martes nos actos de benvida e a todas e todos eles Álvarez trasladou o seu agradecemento pola súa implicación e porque “demostran unha gran dose de sensibilidade”.



Más noticias

Dez investigación da UVigo coas que contribuir ao desenvolvemento da provincia de Pontevedra

🕒 30/09/2024

El mejor equipo español de debate universitario está en la UVigo

🕒 30/09/2024

Maruxa Álvarez e a técnica da Área de Emprego e Emprendemento Reyes

Fernández tomaron as rendas deste programa hai escasos meses e amósanse moi ilusionadas con “este reto tan grande” cuxo obxectivo é proporcionar formación universitaria a mozos e mozas con discapacidade intelectual, dotándoos de habilidades e competencias necesarias para aumentar as súas posibilidades de inclusión social e laboral e facilitándolles unha formación integral e personalizada para que poidan participar como membros de pleno dereito na súa comunidade. Deste xeito, a UVigo implícase na inclusión social de persoas con discapacidade intelectual a través da formación e a mellora da súa empregabilidade, algo que poñía en valor no acto de Vigo a vicerreitora de Extensión Universitaria, Susana Reboreda.



Tras a formación teórica, prácticas en empresas

As actividades formativas desenvolveranse nos campus de en Vigo e Ourense, en concreto na **Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo** e na **Facultade de Ciencias Empresariais** e Turismo dende mañá mércores e ata o 31 de xaneiro, cando rematará o módulo común e dará comezo o itinerario específico de cada campus, que concluírá en maio. En xuño está programada un mes de prácticas externas en empresas da contorna, sumando en total 600 horas de docencia e 200 de prácticas. En ambos campus as actividades docentes terán lugar en convivencia cotiá coa comunidade universitaria co obxectivo de acadar o enriquecemento que achega a diversidade. Ademais, xunto co profesorado, nas aulas haberá sempre persoal de apoio das asociacións de Down, que se encargarán de dar soporte e prestar a axuda que poidan precisar os docentes e o alumnado.

Un extra de felicidade

No acto de benvida no campus de Vigo participou tamén o decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, Francisco José Torres, quen, acompañado polo vicedecano, **José Carlos Orge, amosou a súa satisfacción “por tervos, un ano máis, na nosa facultade, á que achegades felicidade;** estamos encantados de vervos cada día polos

corredores e pola cafetería” e “se seguides coa mesma ilusión que agora tedes por estudar, por aprender e por estar na Universidade, ides conseguir todo o que vos propoñades”.

Ademais, **ao acto tamén asistiron representantes de Down Vigo e docentes do curso como Jacinto Lareo, Sonsoles Facal, Ángeles Pariente ou Berta Álvarez, presidenta do Vigo Rugby Club**, que se encargarán de achegarlles coñecementos sobre dereito, sobre lectura fácil, emprendemento ou sobre nutrición e saúde, respectivamente. Pariente leva varios anos formando parte deste proxecto e con esta experiencia ás súas costas destaca tres aspectos fundamentais desta iniciativa: “empatía, por unhas persoas alleas ao que eu coñecía; aprendizaxe, porque no rol de profesora é máis importante facer que o alumnado entenda o que quero dicir que exhibir os meus coñecementos; e enriquecemento porque, igual que viaxar, coñecer cousas distintas e puntos de vista distintos abre vías e amosa mundo”.

Publicidad

Para rematar o acto, **as responsables do programa sorprenderon aos mozos e mozas cun vídeo resumo realizado por UVigo-Tv das actividades do curso pasado**, un momento tenro que emocionou a moitos deles. Nesta peza varios dos alumnas e alumnas relatan a súa experiencia e coinciden non só na importancia de adquirir coñecementos que lles permitan adquirir autonomía e dunha formación que lles sirva para un futuro laboral pleno, senón que destacan ademais a satisfacción por estar na UVigo e por sentirse realizados e plenos e un membro máis da comunidade universitaria.

Administración e mar en Vigo; turismo e hostalaría en Ourense

Ao longo deste curso, **este grupo de estudantes poderá adquirir competencias dixitais, mellorar o seu autocoñecemento e as habilidades emocionais e formarse en comunicación e atención ao cliente**, inglés, xestión empresarial, contabilidade, matemáticas financeiras, igualdade de xénero, nutrición, saúde ou dereito. Tras o módulo común, en cada campus desenvolverase un itinerario específico, no caso de Vigo centrado nos eidos da administración e do mar, con materias como emprendemento no sector marítimo e mariño, manipulación de alimentos, procesos industriais ou administración e secretariado. No caso de Ourense o itinerario encamiñase ao turismo e a hostalaría, con formación en eidos como a conservación do patrimonio histórico, o turismo sostible e de natureza, a manipulación de alimentos, o termalismo ou a xestión da restauración e do aloxamento.



Temas:

Universidade de Vigo

UVigo